

De vella a bella

Amauta Castro. Poeta por Charo Valcárcel Mato

[Charo](#) 28 de novembro de 2021

<https://devellabella.com/amauta-castro-poeta-por-charo-valcarcel-mato/>

Nesta ocasión queremos que coñezades a **Amauta Castro**, un poeta galego que vive en Girona, que xa conta no seu haber con varios premios literarios e ten publicados cinco libros individuais de poesía.

Biobibliografía

En realidade Amauta é o pseudónimo que utiliza **Rafael Xoán Muñoz Castro** para asinar as súas creacións literarias.

Rafael naceu en Barakaldo en 1981, nacemento produto da emigración a Euskadi dos pais, mais, como indica o propio autor, escolarizouse, viviu e medrou en Vigo. Porén abandonará Galiza no 2004 por motivos laborais e desde ese mesmo ano vai residir primeiro en Girona e posteriormente en Salt, concello desta provincia catalá.

Entre o 2004 e o 2016 ten oportunidade de viaxar por diversos países.

Concentra a súa actividade literaria principalmente a partir de acadar o Premio Rosalía de Castro de Cornellá no 2017, aínda que xa publicara o seu primeiro poemario no 2012 :

Nos muros do mundo (Edizer, 2012) que recolle poemas seus escritos entre 2006 e 2011.

E participara en publicacións colectivas como:

Ánxel Casal: editor e intelectual galeguista (publicado pola biblioteca pública Ánxel Casal, de Compostela), 2006

Antoloxía Poética da diáspora Galega (Editada pola Asociación Cutural Fillos de Galicia coa axuda da Secretaria Xeral de Emigración da Xunta), 2007.

O poliedro da soidade (Andavira Editora, 2018) libro promovido polo Centro de Estudos Galegos do Departamento de Filoloxía Románica da Universidade Complutense de Madrid.

Poesía a les Caves (Regidoria de Cultura, Ajuntament de Sant Sadurní d'Anoia, 2018), que recolle poemas dos autores que participaron nas diversas edicións do Festival de Poesía a les Caves e que inclúe poetas coma Lluís Calvo, José Corredor-Matheos ou Pura Salceda.

Versos seus foron aparecendo tamén en diversas revistas como: **Dorna, Revista Ligeia, Olláparo, Ultragráfico, Revista Elipse, Andar21, Revista Orballo, Revista MalDeOjo, La libélula Vaga**, etc.

Os outros poemarios individuais son:

A Tarde.O desacougo. (Espiral Maior, 2019)

Leixaprén (Buenos Aires Poetry, 2020) unha antoloxía bilingüe galego-castelá que recolle poemas espallados entre 2011 e 2018 e que se distribuiu en 8 países de Iberoamérica

Constante hora de boca e precipicio (Urutau, 2020) onde toca temas como o erotismo, o tedio, o ocaso do amor, ou as pantasma persoais

Poesía (modelo para romper) (Saurobuku, 2020) dificilmente clasificable, aínda que Amauta mantén que para el é poesía, houbo quen o cualificou de ensaio lírico.

No que respecta a premios e certames, estas son as distincións que acadou:

3º premio Rosalía de Castro en 2006 por **“Mar”** (poema sen título), convocado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà.

1º Premio no Certame San Xurxo (2007) por **“Palabras de Amauta”**, convocado polo Centro Galego de Barcelona.

2º Premio Rosalía de Castro en 2011 por **“Setembro”**, convocado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà.

1º premio Certame Rosalía de Castro en 2017 por **“Da pel sae o escuro”**, convocado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà.

2º premio Concello de Ames en 2018 na modalidade de poesía por **“Este corpo momentáneo”**

Premio Nacional de poesía Pérez Parallé 2018 por ***A tarde. O desacougo.***

Benvido, Amauta, ao noso blog e grazas por aceptar a invitación para realizarche esta entrevista:

Pódese dicir que es un poeta galego da diáspora porque un día abandonaches Galiza e establecíste en Catalunya e aí comezaches a túa produción literaria en galego (corríxeme se me equivoco), pero por que Catalunya e por que Girona? Tíñalo previsto?

Nun primeiro momento supoño que a sensación é esa, a de ser un poeta galego na diáspora. Despois de 17 anos iso xa está un chisco desdebuxado. Elixín Catalunya porque me pareceu atractivo ir a un territorio cunha lingua de seu, diferente do castelán. Ir a Barcelona era unha posibilidade pero o prezo da vivenda non me permitía vivir só. Finalmente a decisión foi Girona, e foi un acerto. Agora vivo en Salt, que é unha especie de Lavapiés ou de Raval, unha vila moi multicultural onde convivimos xente de 95 nacionalidades e se falan 200 linguas diferentes.

Duascentas? Iso debe ser moi estimulante culturalmente...

O de estimulante é ben certo, pero non é menos certo que inclúe moitos retos como vila e como sociedade. Escolas nas que o 100% do alumnado é de orixe estranxeira, situacións de pobreza severa, comunidades de veciños onde hai conflitos de veciñanza, desemprego, precariedade, etc. En troques, a achega coa que contribúe á túa vida cotiá é marabillosa. Meu fillo xoga con nenos de varias nacionalidades, podes observar como funciona a comunicación interrelixiosa (aquí hai católicos, evanxélicos, sikh, musulmáns de varias pólas do Islam, etc), “en cada rúa podes atopar un país” (que dicía o cantautor Adrià Puntí).

Supoño que manterás relacións estreitas coa cultura catalá por vivir onde vives, tamén coa galega? Es un poeta con patria?

Si, a realidade catalá é a do día a día, por suposto. E a realidade galega, coñézoa e sígoa. Pero os anos van pasando e os acontecementos vanse sucedendo, e eu fun perdendo eses “fascículos” necesarios para entender o voso/noso conflito diario co Estado, desde a loita nas institucións ou desde os movementos sociais.

Sobre o de ter ou non ter patria dáse unha situación curiosa. No caso galego existe unha idea de patria que entendo que pode ser útil na medida en que lle proe ao adversario. Pero no caso catalán, o soberanismo catalán é o máis afastado desa terminoloxía. O soberanismo catalán non é patriota. Superou esa fase, que ademais non responde ás súas visicitudes históricas nin á súa tradición (moita dela de orixe libertaria). Así que, non sabería o que dicir. Vivo nun punto determinado do planeta, nun momento histórico concreto. Simplemente acepto iso para poder axir sobre a miña realidade, que basicamente é o día a día dunha persoa traballadora e solidaria que vive nunha nación oprimida.

Ti contas que foi na adolescencia cando te introduciches na lingua galega e na súa literatura. Que te levou aí? Foi a literatura galega a túa primeira referencia como poeta?

Si, iso é exactamente así. Introducinme na lingua galega tarde (cousa que non é inusual en contextos galegos urbanos) malia ter sido escolarizado en Galiza. Daquela son un neofalante, que decidiu adquirir e empregar a lingua galega a partires da adolescencia. O motivo fundamental da escolla é a negación existente do idioma por parte do poder. Vives nunha sociedade onde supostamente hai dous idiomas e comezas a preguntarte que é o que acontece cun deles.

Sobre se a literatura en lingua galega foi a miña primeira referencia, a resposta é non. Primeiro de todo, porque eu lin poesía moito antes de dar o paso ao cambio de lingua. Porén, as referencias son en lingua galega e non galega. Desde poetas europeos (Baudelaire, Rimbaud, Leopardi, Plath, Rilke...), a poetas do mundo grecolatino (Safo, Virxilio...), a referentes latinoamericanos (Neruda, Paz, Gabriela Mistral ...), e tamén poetas en lingua galega (nun primeiro momento Rosalía, Manoel Antonio, Pexegueiro, Xohana Torres...).

A primeira referencia é a biblioteca da casa, collía do que tiña a man. Logo dei un paso máis e procurei outras cousas.

Es un poeta cunha ampla formación cultural que adquiriches fundamentalmente de forma autodidacta e que non ten nada que ver coa túa profesión, podes contarnos como e cando xorde en ti esa necesidade de coñecer e indagar no mundo da cultura en xeral? Supoñemos que os anos que dedicaches a viaxar axudarían a complementar esa formación. Foi así? Practicaches a filosofía da maior parte dos escritores galegos do primeiro terzo do XX (nomeadamente os homes da Xeración Nós): a necesidade de europeizar a nosa cultura, de beber en máis fontes que as propias?

Non fun un bo estudante, bastante indisciplinado, nada organizado, etc. Pero a curiosidade e a necesidade de coñecemento téñoas desde neno. Sempre penso que tiveron que ver con ter desde sempre á miña disposición unha biblioteca. Xa fora a de meus pais ou a de meu avó. Porén o acceso aos libros alimentou moitas viaxes mentais.

Viaxei todo o que puideron desde 2004 até 2016, que naceu meu fillo. Logo viñeron as restricións pola pandemia, que tamén detiveron un chisco a miña urxencia viaxeira que xusto nestes meses

estiven a retomar. Neste século que comezamos as posibilidades de desprazamento parecían case infindas. A pandemia reubicounos, e probablemente a crise do modelo enerxético incida con novas restricións nas nosas vidas. Pero as posibilidades de verdadeira viaxe non están ligadas á mobilidade unicamente.

Efectivamente tentei, sen ser unicamente europeo, ampliar as fontes da lingua na que escribo tentando romper cunha certa autorreferencialidade e autoconsumo existentes no sistema literario en lingua galega. De todos xeitos, isto de ampliar horizontes converteuse case nunha obriga no momento no que deixei Galiza. Decidín con convecemento non tentar perseguir a actualidade literaria galega senón tentar aportar algo diferente e en certo grao desapegado das liñas de escrita maioritarias, que naquel momento (e neste!) xulguei que era preciso crebar.

Sempre te defines como poeta, un poeta que escribe en galego desde Catalunya. Pregúntome cando comezaches a escribir? Sempre poesía? Sempre en galego?

Comecei a escribir na pre-adolescencia. Pero non o fixen dun xeito sistemático e continuado até tranquilamente os 26 anos. Sempre escribín poesía, nun primeiro momento puido haber uns cantos poemas en castelán pero axiña apareceu o galego e sorprendetemente o achádego foi moi sorprendente. É curioso que malia ser o castelán a miña lingua materna, no poema todo funcionara dun xeito tan áxil en galego. Así que perseverarei, porque ademais estaba a dar o cambio de idioma e porque tamén descubrira poetas en lingua galega que me impactaran (desde a lírica medieval até os poetas que se levaban daquela, que eran as poetas dos 90, e como precedente quizabes Rompente). Así que entrei de cheo na poesía en lingua galega a través dunha colección que fixera Xerais, e que se chamaba “Ablativo Absoluto” e que moitas de vós lembraredes. Alí estaban Olga Novo, Eduardo Estévez, Maria do Cebreiro, unha retrospectiva de Rompente, Rafa Villar, Lino Braxe, etc.

Reitero, sempre escribín poesía. Non entendín a escrita desde outras posibilidades, quizabes porque é a miña forma de expresión máis fluída; esa estraña condensación, o símbolo, a linguaxe como posibilidade infinda.

Que me dis da túa faceta como tradutor? Traduciches ao galego *Mar da Morte* do poeta catalán Santi Borrell. Tivo que ver na túa decisión o tema do poemario que, se non me equivoco, é a traxedia do Prestige?

Santi Borrell entrou en contacto comigo cando eu asinei un manifesto de “poetas pola independencia de Catalunya” promovido pola ANC. Supoño que ninguén agardaba que un descoñecido que escribe en lingua galega asinara tal documento. Envioume un correo, explicoume o proxecto, o impacto que tivo a traxedia do Prestige nel e simplemente colaborei.

Seguirás traducindo? Ten que ser un labor complicado e non o digo só polo feito de ter que dominar varias linguas, é que trasladar un texto orixinal nunha lingua a outra distinta e que non perda parte da súa esencia non debe ser doado.

Nalgún momento fixen traducións para o meu blog persoal, simplemente polo pracer da tradución. Daquela traducira a T.S. Eliot, Kerouac, Takuoboku, Baudelaire, Kobayashi Issa, Joan Brossa, Joan Salvat-Papasseit, etc. Por algún motivo, agora é unha tarefa algo tediosa que fago en momentos puntuais, cando alguén require de min.

Algúns poemas teus foron tamén traducidos ao español e forman parte da antoloxía bilingüe *Leixaprén*, que xa mencionamos. Como é traducirse a un mesmo? Gustouche a experiencia?

Traducirse a un mesmo non é doado. É unha sensación estraña que é consecuencia directa do dominio que se teña dunha ou varias linguas diferentes da propia para se expresar. Daquela, hai casos recentes onde un mesmo poemario pode aparecer traducido polo propio autor case de inicio (Joan Margarit, por exemplo). Casos onde un poeta decide un cambio de lingua de expresión, cousa que dalgún xeito toca a experiencia da tradución (Brodsky, Borges...). E logo, xente que, malia dominar o idioma a traducir, decide que un terceiro interprete a súa obra.

No meu caso, eu propio optei por traducirme ao castelán, consciente de que coñecía dabondo a lingua cara á que encamiñaba o texto e que iso podería dotar os meus poemas de lexibilidade para persoas do ámbito hispánico que non poden lerme na lingua de produción da miña escrita.

Pasando á túa poesía en primeiro lugar quixera que nos explicases por que Rafael se converte en Amauta para ser poeta.

O motivo é sinxelo, precisaba liberarme de todo o que precedía á miña escrita. Daquela, crear un personaxe era acaído para superar esa fase. Alén diso, como escribo case en segredo, o alcume axuda a manter certas distancias que son moi necesarias.

Explícanos iso de escribir case en segredo, se se pode.

Escribo moi privadamente, sen que ninguén mire e sen que a escrita “interrompa” a miña vida frugal e prosaica. Porque os poetas debemos pensar en sermos seres anónimos, en vivir nunha especie de soidade interpelable no poema.

Como te definirías como poeta? Considérase un poeta rupturista, transgresor?

Penso que quen define é quen le. Escribín unha vez “Se decidir é cortar, /eu decido a contorna do meu verso /co pulso de quen contempla”. Reafirmome niso, e engado que a tarefa de atopar os elementos identificativos dunha voz poética, é traballo do taxónomo (Valente dixit) e a nós (poetas) tócanos precisamente o contrario, exprimir o elemento único do poema.

Paréceme a min que acabas de usar unha maneira moi intelixente de eludir a resposta. Porén, máis arriba falas de “crebar as liñas da escrita maioritarias”, cales son esas liñas que consideras necesario crebar?

Desculpa que saltara a segunda parte da pregunta, tes toda a razón. Non me considero un poeta etiquetable nin na postura da ruptura total nin na do clasicismo ou da tradición absoluta. Simplemente teño unha voz non dogmática dentro da poesía que se fai no noso idioma.

Pero si que é certo que hai unha liñas a ultrapasar porque amosan xa un certo cansamento dentro dos modelos estéticos e temáticos que se estiveron a dar desde os 90 até agora. Eu creo que xa abonda de reiteración do paradigma que provén marcadamente do mundo académico e das elites “pensantes” do país, e unha serie de temáticas moi moi recorrentes das que xa dei boa conta nas redes sociais nunha especie de escritos satíricos que nomeei “Catecismo do bo poeta galego”, e que son simplemente iso, sátira.

Amosas unha clara preferencia polo poema breve, mesmo de un verso ou dous. O bo se breve...?

Ao comezo os meus poemas eran de verso moito máis longo, algo barrocos, requintados mesmo. Se cadra froito de lectura de poetas que funcionaban neses metros dun xeito natural: Lezama Lima, Olga Orozco, Pablo de Rokha, Whitman, Oroza, ...

Logo dei o paso cara ao destilado poético, cara á comprensión. Unha vez comecei a reducir, sentín que me atopaba moito máis perto do que verdadeiramente precisaba expresar. Foi unha identificación froito dun proceso nada inmediato. Foron anos de escribir e cortar, de tirar poemas á papeleira ata que finalmente un acada a voz que cre que se achega máis a esa liberación total da linguaxe. No meu caso inflúen varias cousas, o contacto coa poesía oriental, con certos casos de comprensión na poesía en lingua galega (Baldo Ramos, Uxío Novoneyra), e a lectura dalgúns poetas que proveñen do misticismo relixioso. Un día descubres, ou redescubres, que un simple verso pode ter un sentido pleno. Para que tanta palabra inexacta? “Non escribas páxinas innecesarias, non escribas versos innecesarios, non escribas palabras innecesarias” [en *Poesía (modelo para romper)*].

Dis que a escrita é resultado do traballo, non cres na inspiración?

Creo que obviamente pode existir un momento de claridade, e que mesmo existe xente talentosa que é quen de expresarse dun xeito moi espontáneo. Trátase de equilibrar a forza inicial que move un poema co traballo que hai de depuración do mesmo. Velaí a miña teima.

O tema metapoético está presente de forma recorrente nos teus versos, sendo o que dirixe o poemario *Poesía (modelo para romper)*, pero tamén o atopamos no apartado “Invocación da linguaxe” de *A tarde. O desacougo*, por ex. Por que esa reflexión constante sobre a propia poesía, a súa concepción, o proceso de creación...?

Dalgún xeito vén esixida polo propio oficio. Como non reflexionar sobre o poema e sobre a linguaxe? Para min esa reflexión é indisoluble da escritura do poema. É normal que apareza. Pero tamén debo puntualizar que non son as reflexións dun académico senón dun diletante. É dicir, que poden (e mesmo adoitan) entrar en contradición. De aquí viría o de *Poesía (modelo para romper)*, que xoga co título de Cortázar: *62, modelo para armar*, e que vén reafirmar precisamente que se trata dun modelo susceptible de ser crebado porque tal e como comentaba agora, a poesía choca frontalmente contra calquera tentativa de control ou de canonización.

Poesía (modelo para romper) ten xa unha segunda parte escrita e que gardo no caixón. É: *Invocación da linguaxe, (incluída n’A tarde. O desacougo.)* aparecerá de novo continuada nun vindeiro poemario que está xa no prelo dunha editorial. Quero dicir con isto que é un tema que me obsesiona e que non creo que abandone.

Precisamente en *Poesía (modelo para romper)* dis que “a beleza é unha calidade menor”, cal sería a calidade máis importante na poesía, segundo a túa opinión?

Calquera, todas as calidades son posibles e ningunha prima. De feito, pode existir unha poesía “fea”, que se materializa en versos que amosan a náusea, a violencia, a atrocidade,... e que por algún motivo están infrarrepresentados na poesía en lingua galega. Asemade ese patetismo pode ser tamén fermoso. O ser humano tamén fai uso desa violencia (ollade por exemplo Ricardo III de William Shakespeare). Neste sentido, hai así mesmo unha serie de poemas meus que tocan ese espazo do “tremendo” e que tamén espero que aparezan proximamente.

Tamén dis que “a forma final do poema é a tarefa imposible” isto fixo que lembrese a Eduardo Pondal que é un exemplo na literatura galega de poeta que revisa constantemente o escrito e mesmo o refai dando lugar a varias versións do mesmo poema, quizais froito dun afán de perfección case enfermizo. Ti acostumas a volver sobre textos que xa escribiches, a cambialos ou refacelos?

Reviso moitísimo, demasiado. Trátase tamén de saber cando parar de revisar, porque un poema sobrecorrixido ensina tamén os puntos de sutura e iso fai decrecer ese impulso inicial do que falaba antes.

Máis que a Pondal, eu lembro a Paul Valery con aquilo de que o poema non se remata de escribir senón que se abandona.

Falas da complexidade da creación do poema “*Crear un poema é complexo para o poeta*”. E que me dis da complexidade da súa comprensión por parte do posible lector? É necesaria esa comprensión para gozar do poema?

Obviamente debe haber un diálogo. O bo do poema, a diferenza doutras expresións, é que o intérprete é o lector. E na medida en que eses versos se incorporan ou non á súa aprendizaxe vital, o poema trunfa ou fracasa. Trátase diso, dese eu-plural que acada o poema. “Adiós ríos, adiós fontes”, sinxelo, non si?

Nos teus versos (*Constante hora de boca e precipicio*) ocupan un lugar destacado a monotonía, a insolidariedade, a falsidade, o paso do tempo, a soedade, o desacougo, o desamor... mais tamén atopamos o amor e o erotismo. Algúns deles atrevome a dicir que son bastante recorrentes na túa poesía (tamén se desenvolven en *A tarde. O desacougo por ex.*) Dirías que hai temas que te provocan máis, que se converten no teu centro de interese?

Tento tratar temas universais. O motivo é que adoito pensar en que acontecería se alguén lera estes poemas no futuro do mesmo xeito en que nós lemos a Homero ou a Emily Dickinson. É dicir, tento que teñan validez e que non perdan a vixencia.

Precisamente no proceso de atopar a miña voz poética do que falaba antes, desprendinme de referencias xeográficas, de nomes propios, etc.

Velaí un dos valores do poema. Ese diálogo no tempo. Lemos poemas e de súpeto aparecemos conectados con Dante, con Anacreonte, con xente doutras épocas e lugares.

É obvia a presenza constante de certas metáforas que enchen os teus versos e non me resisto a preguntarche sobre elas. Por exemplo a dicotomía entre as paredes-obstáculo e os muros-protección e acubillo, tamén o río, o negro, a sombra, as tebras... Que importancia dirías que ten a metáfora na concepción da túa poesía?

Nalgún momento tentei desfacerme da metáfora pero foi imposible. Eu sei que hai poetas que a evitan pero non sei se é preciso tomar ese esforzo.

No caso dos muros hai un dobre xogo. O muro protector versus o muro limitador. E logo tamén son recoñecibles certos xogos de luz e sombra.

Tento que non sexa metáforas que saian dos significados convencionais. Non sei se acado tal, pero nesa procura ando.

Cres que a poesía actual, nomeadamente a máis transgresora e rupturista, renega do propio concepto de lírica? Quizais é que se creou un concepto novo?

Direi (falsamente) que non leo aos meus contemporáneos. Isto non é de todo certo pero case. Adoito ler poetas doutras épocas. Iso non quita que coñeza algo a “tendencia”. Sen ser eu un taxónomo, como xa dixeran iso é tarefa da crítica, creo que estamos nun momento moi aberto. E iso implica que calquera fórmula poética é defendible, sen dogma.

Dixeches nalgunha entrevista que tiveren a ocasión de ler que ti serías unha mestura de moitos [Arthur Cravan](#), [Carlos Oroza](#), [Gottfried Benn...](#), quizais o que teñen en común todos eles é a súa non alienación, os poetas son vangardistas e rompedores, pero asumés tamén a provocación e mesmo o escándalo?

Díxeno dentro do xogo da propia entrevista pero podo reafirmalo sen problema. Asumo o que se derive dos poemas “que só a palabra transforme o campo”, escribín en “A tarde. O desacougo.” Referíndome ao “campo” literario. Con isto quero dicir que o meu interese é a linguaxe. As circunstancias persoais son moi secundarias no meu caso, é por iso que existe o pseudónimo tamén, establecendo unha diferenza e marcando cando fala o poeta.

A miseria, o escándalo, a provocación están presentes nos poemas na medida en que o están na vida.

Se tiveses que salvar da queima tres poetas galegos cales serían?

“Kill Yr idols” era o nome dun EP da banda Sonic Youth, non si? Eu case que fun eliminando idolatrías pero non refugo a pregunta e digo: Manoel Antonio, Xohana Torres e Alfonso Pexegueiro.

Fago un punto e aparte para José Ángel Valente, que se ubica na tradición en lingua castelá pero que levou tamén a bandeira do noso idioma no seu corazón.

E universais (non galegos, obviamente)?

(puntualizo que os poetas galegos tamén son universais pero entendo por onde vai a pregunta) Alejandra Pizarnik, T.S. Eliot e R.M. Rilke.

Se non foses poeta que serías?

No fondo creo que nunca coubo esa posibilidade. Dixen nunha outra entrevista, unha para Montse Dopico, que nunca desexara ser outra cousa que poeta en lingua galega.

Unha fermosa frase para rematar esta entrevista. Grazas polo teu tempo, Amauta.

Non podemos despedir a Amauta sen deixarvos con algúns dos seus versos. Teño que recoñecer que é unha escolla totalmente subxectiva que procede da lectura que eu realicei dos seus poemarios. Non foi doado o labor, nunca o é cando tes que elixir e tamén descartar, cando quixeras mostrar moito máis. A miña intención é trasladarvos algúns exemplos do seu bo facer como poeta e recomendarvos encarecidamente, sobre todo aos amantes da poesía, a lectura dos seus poemarios. Aí van, pois:

*Desconcerta crer na cidade fatigada
que enche as súas mans de chuvia.*

—

*Non é posible
este tempo insuficiente
que posesivo, xordo, avaro*

*pecha o noso horizonte
coa súa man escura.*

—

*Perdón
por imaxinar para ti
un nome sen cicatrices.*

—

Só o noso incendio pode ser como a auga.

—

*Que a xenreira é un medo longo,
rastro de esperanza ida
que o ruído e a dor substitúen.
Eu desexo salvar esta penumbra
onde sobrevivo sendo ninguén.*

(de **Constante hora de boca e precipicio**)

Mesmo as alegres aves proxectan sombras de verdadeiro outono

—

*O péndulo volverá
por aquel suco de tempo nunca extraviado
e por calendarios xirados no azul
que depositamos hoxe no incendio e no poema*

—

(...)

*Eu temo durmir ou determe
E atopar un neno entre as raíces rotas*

—

*A noite é so a metade da tebra.
O silencio é só a metade da furia*

—

*Eu prefiro escribir que creo que escribo
imitando a fertilidade dunha carta
ou para quen mira desde o desamparo
e decide instalarse entre os versos.*

(de *A tarde. O desacougo*)

Charo Valcárcel